



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 1 DE MAIO DÍA INTERNACIONAL DO TRABALLO

Mato propón ao Estado a posibilidade de adaptar a carteira de servizos de atención á dependencia galega ao ámbito nacional



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na Conferencia Sectorial de Dependencia

Benestar lanza unha guía informativa sobre a protección xurídica e a discapacidade que avanza nos dereitos deste colectivo

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou esta iniciativa, enmarcada no Plan de Acción Integral da Xunta en materia de discapacidade, nunha rolda de prensa na que estivo acompañada polo fiscal superior de Galicia, Carlos Varela
- ▶ Esta guía concíbese como unha ferramenta de orientación para facilitar o labor dos profesionais no eido da atención ás persoas con discapacidade
- ▶ O Plan de Acción Integral da Xunta en materia de discapacidade, elaborado co consenso das entidades e nas mesas do diálogo social, contempla 305 medidas, das que en 2011 se levaron a cabo 218, un 71,4% do total

Traballo pon en marcha un plan específico para loitar contra a fraude nas empresas con expedientes de regulación de emprego

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou no Parlamento que o departamento autonómico, xunto coa Inspección de Traballo, farán unha campaña intensiva de vixilancia dos ERE nos casos de suspensión e redución.

A primeira Lei de xuventude de Galicia garante a coordinación das políticas dirixidas á mocidade e aposta pola participación xuvenil

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, defendeu no Parlamento o proxecto de Lei de xuventude.



Informe do paro rexistrado

Galicia pechou o mes de abril cun total de 277.644 persoas desempregadas

Sumario	Política Social	2-5	Seguridade e saúde laboral	10
	Formación e emprego	6-8	Xuventude e voluntariado	11
	Informe do paro rexistrado	8	Normativa	12-18
	Cooperativismo	9	Publicacións	18
Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar			
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas			
	Coordinación: Pepa Dabán Royo			
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces			

Política social

Benestar publica unha guía informativa sobre a protección xurídica e a discapacidade que avanza nos dereitos deste colectivo



Santiago, 24 de abril de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar acaba de poñer en marcha a nova Guía Informativa sobre a Protección Xurídica e a Discapacidade, que está a disposición dos interesados na páxina web do departamento autonómico. Esta iniciativa enmárcase no Plan de Acción Integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 e trátase da primeira destas características que se fai en España.

Así o indicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na presentación da guía en rolda de prensa, na que estivo acompañada polo fiscal superior de Galicia, Carlos Varela.

Na súa intervención, Mato indicou que esta guía se concibe como unha ferramenta de orientación para facilitar o labor dos profesionais no eido da atención

ás persoas con discapacidade, tanto desde as institucións públicas como desde as entidades e centros especializados. Conta cun marcado carácter práctico, e pretende servir de apoio e dar resposta ás dúbidas a nivel xurídico que lles poidan xurdir no desenvolvemento da súa actividade.

Con esta publicación búscase tamén favorecer que a actuación dos profesionais siga unha pauta clara e consensuada, especialmente naqueles trámites que afectan aos procedementos de modificación xudicial da capacidade, responsabilidade de titores ou ingresos involuntarios en centros.

Segundo lembrou a conselleira, "a guía é fiel ao espírito da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade de 2006, que España asinou en 2008 e que, polo tanto, forma parte do noso

ordenamento xurídico (Lei 26/2011 do 1 de agosto de adaptación normativa á convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade)".

Nesta lei, reconécese a plena capacidade xurídica das persoas con discapacidade, polo que se substitúe o tradicional concepto de incapacitación polo de "modificación xudicial da capacidade". Así pois, substitúese a tutela total pola adopción das medidas de apoio en función das súas circunstancias de cada caso particular.

Doutra banda, Beatriz Mato referiuse ao Plan de Acción Integral da Xunta en materia de discapacidade, elaborado co consenso coas entidades e nas mesas do diálogo social, que contempla 305 medidas, das que en 2011 se levaron a cabo 218, un 71,4% do total.

Entre as medidas xa realizadas, destaca a elaboración dun

estudo sobre discapacidade e xénero, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade; a posta en marcha de novos dispositivos de teleasistencia, a través dos que se prestou asistencia a 460 persoas; a publicación do decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes de Galicia; a formación en materia de atención normalizadora a preto de 700 profesionais do sistema educativo.

Así mesmo, tamén se puxo en marcha, no marco do Plan de Acción Integral da Xunta, o Programa de apoio aos centros especiais de emprego, que contou en 2011 con máis de 2.000 persoas con discapacidade beneficiarias; reduciuse nun 30% do tempo medio de tramitación anual dos expedientes de valoración da situación de dependencia.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Guias/Guia_informativa_sobre_proteccion_xuridica_e_discapacidade.pdf



Mato propón ao Estado a posibilidade de adaptar a carteira de servizos de atención á dependencia galega ao ámbito nacional

- ▶ A titular do departamento autonómico trasladou ao Ministerio o modelo da nova carteira de servizos para a dependencia de Galicia para analizar a posibilidade de que o Goberno central a utilice como base para deseñar unha ferramenta similar a nivel de todo Estado, que acaba de presentar precisamente o establecemento duna carteira de servizos básica común para todo o territorio
- ▶ Mato demandou tamén que no financiamento pondere máis o servizo que se presta, e non só o grao, así como a dispersión poboacional, pois ambos aspectos esixen un maior esforzo das administracións para a prestación destes recursos

Madrid, 12 de abril de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, trasladou ao Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade a nova carteira de servizos de atención á dependencia galega para que o Estado poida tela en conta como punto de partida á hora de deseñar unha ferramenta similar a nivel de toda España, dado que o Goberno central xa manifestou a súa intención de implantar unha carteira única para todo o territorio.

Esta proposta foi realizada pola titular do departamento autonómico no seo do Consello territorial do sistema para a autonomía e atención á dependencia. Mato achegou este traballo da Xunta de Galicia, que supuxo un labor de máis dun ano de duración, porque considerou que pode ser útil de cara a elaborar unha carteira a nivel estatal.

Esta ferramenta, elaborada polo Goberno galego, ademais de definir e homoxeneizar unha carteira de servizos de atención á dependencia, recolle distintos avances, entre os que destaca a ampliación do modelo de atención, que permite a Galicia situarse como a primeira comunidade autónoma que desenvolve unha carteira específica de servizos en función de cada tipoloxía concreta de discapacidade xeradora dunha situación de dependencia.

Ademais, este novo modelo rompe a barreira de idade, que impedía que as persoas menores

de 65 anos e sen discapacidade recibisen determinados servizos, ao tempo que facilita que os recursos se configuren como un "traxe a medida", de acordo coas necesidades do usuario, que os poderá combinar segundo as súas características e intensidades.

Por outra banda, Mato valorou moi positivamente a revisión do sistema do financiamento da Lei de dependencia, que o Ministerio xa está comezando a avaliar. Neste sentido, insistiu de novo na necesidade de que o financiamento se realice por servizo, e non por grao de dependencia; ademais de que se teñan en conta factores como a dispersión poboacional, un elemento que en Galicia esixe un maior investimento por parte das administracións á hora de proporcionar os distintos recursos e que, polo tanto, segundo dixo Mato, debe ter unha ponderación superior á hora de valorar o financiamento a través do nivel mínimo.

A conselleira tamén valorou que se prime a prestación de servizos sobre a prestación económica, obedecendo así ao espírito da Lei de dependencia que cualifica como "excepcionais" os coidados no contorno familiar. Isto permite, ademais de promover uns servizos de máis calidade, crear emprego.

Esta aposta xa se viña desenvolvendo polo Goberno galego ao longo desta lexislatura, potenciando os servizos de calidade sobre as libranzas do coidador. Proba disto, é que en Galicia se ten pasado dun



60 por cento de libranzas do coidador ao comezo da lexislatura sobre o total de prestacións, ao 40,7% actualmente, cando a media do Estado está nun 45 por cento. Polo tanto, actualmente os diferentes servizos (residencias, centros de día, teleasistencia...) representan algo máis dun 59 por cento do total de prestacións recoñecidas na comunidade autónoma, mentres que no Estado está porcentaxe é do 54,7 por cento.

Como exemplo destes servizos, a porcentaxe de cobertura residencial para dependentes en Galicia é dun 17,9 por cento fronte a un 13,1 de media no Estado; nos centros de día, a porcentaxe é dun 10,9 por cento fronte á media estatal do 6,4; no servizo de axuda no

fogar é do 16,05 por cento fronte a un 12,8 no Estado (ademais cunha intensidade horaria superior á media); ao igual que a libranza de servizos, que en Galicia acadou un 11,4 por cento, mentres que no Estado a porcentaxe sitúase no 6,56 por cento.

A titular do departamento autonómico considerou tamén positivo que xa se teñan constituído, o pasado 28 de marzo, os grupos de traballo que se acordaron crear no Consello territorial para adoptar acordos sobre distintos eidos. En concreto, creáronse grupos de sobre a calidade das prestacións, de financiamento e os seus criterios, de procedemento e sistemas de información, e de baremo, co fin de unificalo, melloralo e simplificalo.

Formación e emprego

Traballo apoia as empresas de inserción laboral para promover a integración das persoas en risco de exclusión

- ▶ A directora xeral de Promoción do Emprego, Amparo González, participou na presentación da memoria de actividades do ano 2011 da asociación 'Plataforma polo Emprego', que clausurou a secretaria xeral da Consellería de Traballo e Benestar, Cristina Ortiz
- ▶ Amparo González lembrou que para a Consellería de Traballo e Benestar o emprego e a inclusión social son unha prioridade, porque "a inserción laboral vai máis alá da reincorporación ao mercado de traballo"



Santiago, 25 de abril de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar apoia as empresas de inserción laboral con centros en Galicia, a través dunha orde de axudas dirixida

a promover a integración sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social que en 2011 contou cun orzamento superior aos 130.000 euros.

Así o indicou a directora xeral de Promoción do Emprego, Amparo González, no acto de presentación da memoria de actividades do ano 2011 da asociación 'Plataforma polo Emprego', que clausurou a secretaria xeral da Consellería de Traballo e Benestar, Cristina Ortiz.

Amparo González indicou que o programa de incentivos ás empresas de inserción laboral da Xunta inclúe axudas como a subvención pola contratación de persoas en situación de risco de exclusión social, a xerentes ou persoal técnico, a persoal técnico en accións de orientación e acompañamento á inserción, á realización de labores de mediación laboral, subvención financeira ou pola creación ou ampliación do cadro de persoal.

A directora xeral lembrou que para a Consellería de Traballo e Benestar o emprego e a inclusión social son unha prioridade, porque "a inserción laboral vai máis alá da reincorporación ao mercado de

traballo, busca a recuperación do dereito ao exercicio da cidadanía das persoas procedentes da exclusión, o que require garantir a igualdade de oportunidades e que ninguén quede á marxe da sociedade".

Así mesmo, González apuntou que as empresas de inserción laboral perseguen un dobre fin: por unha banda, a recuperación por parte da persoa duns hábitos laborais e de relación que perdeu de forma involuntaria; e, por outro lado, a posibilidade de acceso a un traballo remunerado que lle permite ter acceso a unha maior autonomía e ao logro dos seus obxectivos persoais.

A responsable da área de Promoción do Emprego expuxo que estas empresas foron gañando espazo social e económico como consecuencia das necesidades de favorecer a incorporación social e laboral das persoas en situación de exclusión ou de gran vulnerabilidade.

Traballo pon en marcha un plan específico para loitar contra a fraude nas empresas con expedientes de regulación de emprego

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou no Parlamento que o departamento autonómico, xunto coa Inspección de Traballo, farán unha campaña intensiva de vixilancia dos EREs nos casos de suspensión e redución
- ▶ O obxectivo é controlar o sometemento estrito aos tempos de suspensión e horarios resultantes da redución de xornada
- ▶ Mato indicou que se levará a cabo "unha actuación exemplarizante" na aplicación da normativa sancionadora naqueles casos nos que se constate un incumprimento das medidas adoptadas ou acordadas

Santiago, 25 de abril de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, anunciou no Parlamento de Galicia a posta en marcha, xunto coa Inspección de Traballo, dun plan específico para loitar contra a fraude nas empresas con expedientes de regulación de emprego. Así, vén de iniciarse unha campaña de actuación específica para controlar o cumprimento das condicións nos expedientes de suspensión ou redución de xornada.

Esta iniciativa da Comunidade autónoma vén de ser ratificada pola Comisión Territorial

da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que na súa última reunión para aprobar os obxectivos da Inspección de Traballo e Seguridade Social para o ano 2012 en Galicia, acordou levar a cabo unha campaña específica de seguimento e control de posibles actuacións defraudatorias.

O obxectivo, segundo explicou a titular de Traballo, é controlar "o sometemento estrito" aos tempos de suspensión e horarios resultantes da redución de xornada, polo que asegurou que se levará a cabo "unha actuación exemplarizante" na aplicación da normativa sancionadora, nos

casos nos que se constate un incumprimento fraudulento das medidas adoptadas ou acordadas.

Sancións por infraccións

Deste xeito, funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social visitarán nos próximos meses a todas as empresas afectadas por estes expedientes. Xunto coa Inspección de Traballo e Seguridade Social e a autoridade laboral autonómica, que é a receptora da comunicación do expediente de suspensión de emprego ou redución de xornada, colaborarán nesta campaña o Servizo Público de Emprego Estatal, órgano competente na concesión das prestacións de desemprego, e a Tesourería da Seguridade Social.

No caso de comprobar que se está traballando nos tempos de suspensión ou de redución de xornada, a conselleira de Traballo sinalou que Inspección de Traballo e Seguridade Social levantará

unha acta. As sancións previstas consistirán, para o empresario, nunha sanción económica que oscila entre os 6.251 euros aos 187.515 euros, segundo a gravidade, incorrendo nunha infracción por cada un dos traballadores e respondendo solidariamente da devolución das cantidades indebidamente percibidas por eles.

Así mesmo, perderán automaticamente as axudas, bonificacións e, en xeral, os beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, con efectos desde a data en que se cometeu a infracción e poderán ser excluídos do acceso a tales beneficios por un período máximo de dous anos.

"O que queremos é que se recupere a viabilidade das empresas e que os traballadores non vexan mermadas as súas condicións laborais", destacou Mato, ao tempo que indicou que o que se pretende con esta iniciativa é "conseguir que non se reduzan custos salariais con cargo aos cartos públicos".

Mato destaca o apoio da Xunta ás industrias culturais a través das axudas de Traballo aos emprendedores e autónomos

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou as 'Xornadas de Emprendemento nas Industrias Culturais' que comezaron na Coruña
- ▶ A responsable do departamento autonómico resalta a importancia do emprendemento e o autoemprego como "pezas básicas" para a saída da crise
- ▶ Sinalou que o Goberno galego investiu nos tres últimos anos 92 millóns de euros para apoiar 14.000 persoas destes colectivos
- ▶ Lembrou que a Xunta incentivou desde 2010, de forma pioneira, a primeira contratación dun traballador por parte dun autónomo

A Coruña, 18 de abril de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou a importancia na economía galega das industrias culturais ao asegurar que é un sector sometido "a unha constante transformación" que lle está permitindo resistir mellor que as industrias tradicionais á

crise. Trátase dunha industria dinámica e innovadora vinculada ao desenvolvemento das novas tecnoloxías.

No transcurso da inauguración na Coruña das 'Xornadas de Emprendemento nas Industrias Culturais', Mato afirmou que se trata dun sector que conta "con

grandes posibilidades de futuro" no ámbito do emprendemento e o autoemprego, xa que o 30 por cento das persoas que compoñen esta industria son autónomos, máis de 5.000 persoas. Na actualidade, as industrias culturais e creativas dan emprego en Galicia a máis de 17.000 traballadores e traballadoras.

Así, indicou que é un dos colectivos que se constitúen como "unha peza básica" para a saída da crise, como son o resto de emprendedores e autónomos. Neste senso, a responsable de Traballo sinalou o apoio que está a facer o Goberno galego a estes colectivos desde o inicio da lexislatura. Desta forma, lembrou que nos últimos 3

anos se investiron 92 millóns de euros para apoiar 14.000 autónomos e emprendedores galegos e sinalou que a Xunta incentivou en 2010, e de maneira pioneira, a primeira contratación dun traballador por parte dun autónomo.

Ademais, Mato fixo fincapé en que a Xunta está a manter "un diálogo permanente" coas asociacións máis representativas de autónomos co obxectivo de poder responder "con efectividade e eficiencia" ás súas demandas e necesidades.

Por último, a conselleira de Traballo indicou que a cultura, a creatividade e a innovación son valores engadidos destinados a reforzar a competitividade europea

neste século e, por iso, asegurou que a Xunta seguirá a apostar para seguir difundindo, desenvolvendo e aproveitando as posibilidades do potencial cultural, creativo e innovador que existe en Galicia

Neste sentido, a titular de Traballo destacou que na Comunidade autónoma, o peso específico das industrias culturais rolda o 2 por cento do Produto Interior Bruto (PIB) e, segundo a Comisión Europea, é un dos grandes nichos económicos e de emprego do continente europeo. As microempresas con menos de 10 traballadores e traballadoras son a inmensa maioría entre as industriais culturais, xa que superan o 96 por cento do total das case 7.000 empresas rexistradas neste sector.

Tras a inauguración das xornadas por parte de Beatriz Mato, o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), Juan Carlos F. Fasero, interveu no primeiro relatorio no que explicou as claves para coñecer as particularidades do sector cultural en Galicia. O encontro celebrado na Coruña clausurouno o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo. Cómpre recordar que as consellerías de Traballo e Benestar e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria organizaron estas xornadas nos campus da Coruña, Pontevedra, Santiago e Ourense.



Informe do paro rexistrado


Galicia pechou o mes de abril cun total de 277.644 persoas desempregadas

Paro rexistrado por sectores e provincias. Abril 2012

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agricultura e pesca	2.420	989	1.164	2.883	7.456
Industria	15.506	2.982	4.592	19.332	42.412
Construción	20.065	4.935	5.030	17.504	47.534
Servizos	60.304	15.734	16.896	58.134	151.068
Sin emprego anterior	11.049	3.162	3.592	11.371	29.174
Total	109.344	27.802	31.274	109.224	277.644


Paro rexistrado por sexo e provincias. Abril 2012

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	53.548	55.796	109.344
Lugo	14.103	13.699	27.802
Ourense	15.075	16.199	31.274
Pontevedra	52.152	57.072	109.224
Galicia	134.878	142.766	277.644



	Parados mes	Variación relativa mes anterior
Illes Balears	96.122	-2,27
Navarra	51.552	-0,75
Cataluña	638.247	-0,58
Asturias	99.388	0,04
Murcia	151.749	0,34
Extremadura	138.993	0,59
Galicia	276.795	0,77
Cantabria	53.482	0,80
Madrid	530.875	0,86
Valencia	572.706	1,16
Andalucía	1.057.144	1,20
A Rioxa	26.856	1,23
Aragón	109.247	1,24
Castela e León	229.565	1,54
País Vasco	161.918	1,62
Canarias	283.699	1,72
Castela-A Mancha	249.625	1,87
Ceuta	11.841	2,01
Melilla	11.063	2,06
TOTAL	4.750.867	0,82

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)




Enquisa de poboación activa (EPA)

A enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964. A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos). A mostra inicial é de 65.000 familias ao trimestre, quedando reducida na práctica a aproximadamente 60.000 familias entrevistadas de xeito efectivo que equivalen a unhas 180.000 persoas.

En Galicia hai 265,6 mil parados (Fonte: EPA 1º trimestre 2012 do INE), o que representa unha taxa de paro de 20,18 cunha taxa do 19,85 para os homes e 20,55 para mulleres. As taxas de paro por comunidades autónomas e sexo son as seguintes:

	Ocupados (*)	Parados (*)	Taxas de paro		
			Homes	Mulleres	Total
Andalucía	2.678,7	1.329,6	31,65	35,06	33,17
Aragón	529,8	119,3	17,80	19,08	18,38
Asturias	377,5	96,7	20,19	20,61	20,39
Illes Balears	421,2	163,9	26,78	29,47	28,01
Canarias	760,3	362,3	30,51	34,35	32,28
Cantabria	229,8	52,5	17,98	19,31	18,59
Castela-A Mancha	944,6	225,9	17,59	21,48	19,30
Castela e León	729,9	272,5	24,75	30,42	27,19
Cataluña	2.939,9	836,9	22,48	21,79	22,16
Valencia	1.812,4	681,4	28,05	26,43	27,32
Extremadura	336,1	158,5	29,88	34,97	32,05
Galicia	1.050,5	265,6	19,85	20,55	20,18
Madrid	2.759,3	632,6	19,51	17,71	18,65
Murcia	542,9	200,4	27,55	26,19	26,96
Navarra	257,3	50,3	16,63	15,99	16,34
País Vasco	894,1	140,2	13,38	13,75	13,55
A Rioxa	123,5	31,0	17,86	22,72	20,06
Ceuta	22,4	12,3	30,14	43,06	35,51
Melilla	23,0	7,6	16,60	38,09	24,91
TOTAL	17.433,2	5.639,5	24,09	24,86	24,44

(*) en miles de persoas



Preto de 3.000 persoas formáronse no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, dos que uns 900 acadarán unha certificación profesional

Santiago, 9 de abril de 2012.- Unhas 3.000 persoas formáronse nos últimos catro anos no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), dependente da Consellería de Traballo e Benestar. Desde a súa posta en marcha, unhas 900 persoas acadarán unha certificación profesional ou superarán algún dos exames para acadala, grazas a unha importante aposta nos últimos anos por ligar as actividades formativas á posibilidade de certificación.

Así o salientou a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz, nunha rolda de prensa na que expuxo o balance dos últimos catro anos do CNTG.

Durante a presentación, concretou que a porcentaxe de cursos que permiten conseguir unha certificación oficial –a nivel mundial- aumentou do 55 por cento do total dos cursos no 2008/2009 a un 83 por cento no actual 2011/2012. Estas probas de certificación abranguen tecnoloxías e metodoloxías de fabricantes, organizacións ou institutos tan diversos como Oracle, Microsoft, Red Hat, LPI, Scrum, PMI, ITIL, Zend, Cisco, VMware, etc..

O obxectivo deste centro é impulsar a formación dos traballadores, ocupados e desempregados, do sector TIC galego; así como poñer en valor a formación tecnolóxica

especializada. Ademais, a súa oferta dota dun carácter social ás súas actividades ao permitir o acceso de balde a unha formación que, doutro

modo, ben polo seu alto custo ou ben pola súa falta de oferta na comunidade autónoma, non se podería impartir.

<https://cntg.xunta.es/web/cnt/home>



Seguridade e saúde laboral

Máis de 160 empresas de toda Galicia colaboran co ISSGA na elaboración do mapa do risco químico

• O mapa permitirá definir “dun xeito preciso” os produtos químicos máis utilizados e os sectores implicados co obxectivo de levar a cabo unha correcta avaliación dos riscos laborais derivados da presenza destes axentes nos centros de traballo

• Do estudo que se está a facer para elaborar esta ferramenta, despréndese que os produtos máis utilizados polas empresas que tomaron parte na primeira fase son os irritantes e nocivos, seguidos dos perigosos para o medio ambiente

A Coruña, 13 de abril de 2012.-

Un total de 161 empresas están a colaborar coa Consellería de Traballo e Benestar na elaboración do mapa do risco químico que estará listo a finais deste ano. A primeira fase desta iniciativa xa está rematada e na actualidade estase a traballar no estudo dos datos recompilados nunha segunda parte. Así o avanzou a directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, na clausura na

Coruña dunha xornada técnica sobre este mapa.

Quinzá-Torroja lembrou que este documento permitirá definir “dun xeito preciso” os produtos químicos máis utilizados en Galicia e os sectores implicados co obxectivo de centrar neles as actuacións que se consideren convenientes, tanto de tipo formativo como de asesoramento, para unha correcta avaliación dos riscos derivados da presenza destes axentes. Ademais, con este mapa

poranse en marcha as medidas preventivas axeitadas para reducir ou eliminar os riscos producidos por produtos químicos nos centros de traballo.

Para a elaboración desta ferramenta estanse a identificar as empresas con risco químico en Galicia; os produtos químicos que se manexan nas empresas; as exposicións inadvertidas a produtos de especial perigosidade e o número de traballadores expostos. Ademais, comunicárase ás empresas implicadas, as exposicións inadvertidas e difundirase ás firmas os resultados e a base de datos que se obterá da recollida da información máis relevante dos produtos químicos máis utilizados en Galicia.

Para recompilar os datos, as empresas teñen que completar un cuestionario sobre as condicións de

utilización e medios técnicos de control; envasado e etiquetaxe; plans de emerxencia; ou programas de formación aos traballadores.

As firmas que están a colaborar con este estudo son da industria de madeira; química, plásticos e artes gráficas; fabricación de produtos minerais non metálicos; do metal; naval e automoción; e de limpeza industrial e de edificios

Na primeira fase a maior parte das empresas que participaron foron as relacionadas coa industria química, plásticos e artes gráficas (un 32%); naval e automoción (23%); e metal (22%). Os produtos máis utilizados polas empresas que participaron na primeira fase son os irritantes (51,13%); nocivos (41,3%); perigosos para o medio ambiente (28,9%); inflamables (23,8%); e os sensibilizantes (21,2%).

A sinistralidade laboral baixou en Galicia nun 18,44% no mes de febreiro

Santiago, 5 de abril de 2012.-

O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia no mes de febreiro deste ano descendeu un 18,44%. Neste mes rexistráronse 2.287 accidentes fronte aos 2.804 sinistros contabilizados no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 2.238 foron accidentes leves, 46 graves e 3 mortais.

Por sectores, descendieron os

accidentes na construción nun 29,10%; na industria nun 20,76%; e nos servizos nun 16,18%. Pola súa banda, aumentaron: na pesca nun 5,94% e na agricultura nun 8,57%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia descendeu un 14,94% en febreiro deste ano con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Por sectores, o maior descenso foi na industria co 16,08%; nos servizos foi do 14,76%; e na construción do 12,47%. Pola contra, aumentou na pesca nun 9,93% e na agricultura nun 10,90%.

Diminución acumulada

A sinistralidade laboral diminuíu un 13,95% nos dous primeiros meses do ano, cun total de 4.436 accidentes laborais fronte aos 5.155 rexistrados no mesmo período do ano 2011.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias, nunha porcentaxe do 18,81% en Lugo; do 16,20% na Coruña; do 13,24% en Ourense; e do 9,83% en Pontevedra.

http://www.issga.es/html/public/estadisticas_galicia_lista.php?listar=SINISTRALIDADELABORA&subopcion=mensuais



Unha ferramenta na que colabora o Issga permite investigar os riscos para á saúde que poden ter as diferentes ocupacións

A Coruña, 27 de abril de 2011.-

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, contribúe á investigación en materia de saúde laboral, no marco da Estratexia Española de Seguridade e Saúde Laboral, con ferramentas como a matriz de emprego-exposición española (MATEMESP).

O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, e a directora do ISSGA, Adela Quinzá-Torroja, inauguraron unha xornada na Coruña sobre ‘A investigación en saúde laboral: matrices de emprego-exposición’, con motivo da celebración do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo.

A matriz emprego-exposición é unha ferramenta que permite relacionar as diferentes ocupacións cos riscos potencialmente presentes en cada unha delas. Así, se proporciona información sobre as exposicións laborais para cada ocupación e sobre as ocupacións expostas a cada axente.

Esta ferramenta ten diversas aplicacións, como a investigación a través de estudos sobre grupos ocupacionais e epidemiolóxicos sobre asociacións entre exposicións laborais e indicadores de saúde; xestión e planificación, para a priorización de políticas preventivas a nivel nacional e autonómico, adecuación das avaliacións e dos recoñecementos, ou de políticas preventivas, entre outras.

Así mesmo, esta matriz permitirá describir os perfís de exposición a axentes hixiénicos, de seguridade, ergonómicos e psicosociais, así como as condicións de emprego nas distintas ocupacións da poboación traballadora de España.

Na súa intervención, Adela Quinzá-Torroja indicou que se trata dunha iniciativa “eficiente e útil” para a investigación de asociacións entre exposicións laborais e problemas de saúde nos estudos epidemiolóxicos

de base poboacional. “De feito, un dos primeiros campos de aplicación das matrices foi o da identificación de carcinóxenos de orixe e utilizáronse para a investigación epidemiolóxica en saúde laboral”, indicou. Esta ferramenta é de interese tamén no campo da xestión, vixilancia e intervención en materia de saúde e seguridade no traballo.

A investigación en seguridade e saúde laboral converteuse nos últimos anos “nun elemento imprescindible en calquera política científica, e nun compoñente fundamental para calquera sistema sanitario”, pois impulsa a prevención dos accidentes laborais e a mellora no diagnóstico de enfermidades e patoloxías relacionadas co ambiente laboral, permitindo así unha maior seguridade na utilización dos recursos de saúde e na prevención destes problemas nos traballadores.

Plan Estratéxico

O ‘Plan Estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais en Galicia 2011-2014’, incluído nos acordos das mesas do diálogo social, márcase como obxectivo mellorar o nivel do coñecemento, análise e investigación en materia de seguridade e saúde laboral.

Este aspecto ten espazo na ‘Estratexia Española de Seguridade e Saúde Laboral 2007-2012’ cando aborda a necesidade de perfeccionar os sistemas de información e investigación en materia de seguridade e saúde no traballo e a necesidade de reforzar as institucións dedicadas á prevención de riscos laborais.

Neste contexto, a creación da Rede de Institutos e Centros de Investigación en Seguridade e Saúde no Traballo (RICISST), da que forma parte o ISSGA, supuxo un primeiro paso na estruturación e normalización da investigación neste ámbito, sentando as bases para a súa evolución.

http://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---ed_protect/---protrav/---safework/documents/publication/wcms_176314.pdf



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

<http://www.xunta.es/notas-de-prensa/-/nova/20517/declaracion-institucional-xunta-galicia-con-motivo-dia-mundial-seguridade-saude>



Xuventude xestiona este ano preto de 2.350 prazas en distintos programas de mobilidade para os mozos e mozas galegos



► O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, participou en Vigo na presentación da campaña da Unión Europea "Son mozo, son europeo. Non me paro".

Vigo, 16 de abril de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, xestionará este

ano preto de 2.350 prazas en distintos programas de mobilidade destinados aos mozos e mozas galegos.

Así o salientou o director xeral

de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, na presentación da campaña da Unión Europea "Son mozo, son europeo. Non me paro". Esta iniciativa da UE ten como obxectivo poñer ao alcance da mocidade a información necesaria e os recursos europeos en materia de formación exterior.

Neste sentido, Rodeiro destacou que esta campaña "coincide plenamente" cos obxectivos da Administración autonómica en materia de xuventude. Ao respecto, lembrou que un dos nove eixos do Plan Estratéxico de Xuventude é o fomento da mobilidade xuvenil, entendida como "a adquisición de novas capacidades nun contorno cultural e social novo, tanto a través da formación regrada como dos propios procesos de educación non formal que

conleva a participación neste programa".

Así, esta formación "deberá servir para a posterior posta en prácticas de novas ideas e novas formas de traballar", ademais de outorgar un "plus curricular" aos mozos e mozas participantes. Estas experiencias permiten tamén acadar un incremento da responsabilidade e da autonomía da mocidade.

A área de xuventude do Goberno galego ten varios programas destinados a este fin: Galeuropa, Xuventude en acción, Imaxina atlántica, campos de traballo internacionais ou o Xuventude no mundo. Este último programa converteu a Galicia na primeira comunidade autónoma en desenvolver unha iniciativa propia de mobilidade.

Xuventude abre o prazo de inscrición para optar ás 429 prazas en campos de traballo que se ofertan este ano na campaña de verán

- O departamento autonómico enviará a campos doutras comunidades a 81 galegos e galegas e a 88 a países do estranxeiro.
- A Consellería de Traballo e Benestar acollerá este ano a 57 galegos e galegas, 87 mozos e mozas doutras comunidades e a 116 voluntarios doutros países.
- En Galicia celebráranse 7 campos de traballo distribuídos en 11 quendas nas localidades de Boqueixón, Rois, Melide, A Coruña, Ourense, Celanova e Vigo.
- A Comunidade autónoma é a terceira rexión que máis prazas oferta no estranxeiro.

Santiago, 25 de abril de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, vén de abrir o prazo de inscrición para anotarse aos campos de traballo que este ano terán lugar entre os meses de xullo e agosto. A Xunta ofertará un total de 260 prazas (57 para galegos e galegas; 87 para mozos e mozas doutras comunidades; e 116 para voluntarios doutros países, incluíndo 20 procedentes da emigración galega) en 7 campos distribuídos en 11 quendas.

Ademais, os mozos e mozas galegos e galegas poderán tamén optar a 81 prazas nos 41 campos do resto de España e a 88 prazas nos 63 campos do estranxeiro de

25 países: Alemaña, Armenia, Austria, Bélxica, Corea do Sur, Estados Unidos; Estonia, Francia, Grecia, Islandia, Italia, Kenia, Marrocos, México, Polonia, Reino Unido, República Checa, Rusia, Serbia, Taiwan, Togo, Turquía, Ucraína, Vietnam e Xapón. Polo tanto, ademais de ofertar 260 prazas, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado xestionará 169 prazas máis, o que supoñen un total de 429 prazas.

Entre a oferta deste ano, que está dirixida a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, destacan iniciativas culturais e etnográficas; ambientais; de construción e restauración; de dinamización social con temáticas relacionadas coa formación lingüística e co turismo; sociais; e arqueolóxicas.

As localidades galegas elixidas este ano para celebrar os 7 campos de traballo son Boqueixón, Rois, Melide e A Coruña (na provincia coruñesa); Ourense e Celanova (na provincia ourensá); e en Vigo (Pontevedra).

Noutras comunidades autónomas terán lugar na Rioxa; Andalucía; Aragón; Asturias; Canarias; Cantabria; Castela A Mancha; Castela e León; Cataluña; Ceuta; Extremadura; Madrid; Melilla; País Vasco; e Valencia.

Con respecto ás prazas do estranxeiro, Galicia é a terceira comunidade cunha oferta máis ampla neste eido. Segundo destacou o Injuve, Galicia oferta 88 prazas, só superada por País Vasco (103) e Andalucía (102).

Os campos de traballo son actividades encamiñadas a fomentar a convivencia a través da colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos que se levan a cabo en todas as comunidades autónomas e en distintos países. A cambio do seu labor, os mozos reciben unha alternativa de lecer e tempo libre baseada no intercambio de coñecementos e culturas, da práctica de deportes e da visita a

lugares de interese, tanto turísticos como históricos ou culturais.

O desenvolvemento deste tipo de actividade é un exemplo de boas prácticas en materia de xuventude, xa que cumpre con dous dos principais eixes de actuación da Estratexia de Xuventude 2013, o fomento do voluntariado xuvenil e a mobilidade.

Inscricións

Os interesados en participar nos campos de traballo de Galicia poderán solicitar a súa praza ata tres días antes do inicio da actividade, sempre e cando existan vacantes; para acudir a outras comunidades autónomas poderán pedirse ata o 16 de maio, mentres existen prazas libres; e, por último, para os campos de traballo no estranxeiro a inscrición rematará o 11 de maio.

As inscricións faranse na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ou a través dos teléfonos 981 544 838; 981 957 115; e 981 544 840. Tamén se poderá solicitar unha praza nos servizos de xuventude e voluntariado e oficinas locais das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

A primeira Lei de xuventude de Galicia garante a coordinación das políticas dirixidas á mocidade e aposta pola participación xuvenil

- Unha das características máis salientables do proxecto da normativa é o cambio do actual modelo de participación xuvenil cara "un verdadeiro" sistema de representación da mocidade
- O novo texto facilita a incorporación de todas as asociacións xuvenís ao Consello Asesor e Consultivo de Xuventude xa que se elimina o requisito actual polo que unha asociación non podía formar parte deste órgano sen contar co visto e prace das entidades preponderantes
- O Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia, como instrumento de planificación plurianual, considérase un elemento de gran importancia para a toma de decisións a medio prazo e pasará a ter un carácter vinculante, xa que se deberá tramitar como acordo do Consello da Xunta

Santiago, 10 de abril de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, defendeu no Parlamento de Galicia o proxecto de Lei de xuventude de Galicia, que responde a unha débeda pendente coa mocidade galega, xa que desde a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia no ano 1981, houbo varias tentativas de aprobar unha lei para a xuventude, sen que chegasen a obter ningún resultado.

O proxecto da Lei de xuventude de Galicia, promovido pola Consellería de Traballo e Benestar, garantirá a transversalidade administrativa das políticas da Xunta dirixidas á mocidade. O texto lexisla a acción unitaria de Goberno e a coordinación dos diferentes departamentos da Administración á hora de poñer en práctica medidas que afecten á xuventude. Esta planificación das políticas de mocidade efectuarase a

través da elaboración en cada lexislatura dun Plan Estratéxico de Xuventude, que pasará a ter un carácter vinculante, xa que se deberá tramitar como acordo do Consello da Xunta de Galicia.

